

BASES CONCURSO DE CONTOS NADAL 2022

- 1- É obxecto deste concurso estimular a participación , desde os colexios, d@s nen@s nunha das datas máis significativas do ano: o Nadal
- 2- Poderán participar o alumnado de **5º e 6º de primaria do municipio.**
- 3- Os traballos entregaranse nas oficinas de rexistro do Concello da Laracha da forma en que segue:
 - Poden estar escritos en lingua galega ou castelán, indistintamente.
 - Deben ser manuscritos.
 - Na parte posterior da obra, achegarse o **nome e apelidos** d@ autor/a, **curso** escolar e **centro** ao que pertence.
 - Todos aqueles traballos que non respecten estes requisitos serán descalificados.
- 4- O prazo de presentación remata o **mércoles 14 de decembro do 2022**. A cualificación farase o xoves 15 de decembro ás 11:00 h na Biblioteca Municipal da Laracha.
- 5- Establécense tres premios de carácter individual segundo a calidade das obras, que consistirán en xogos e/ou material educativo e libros de lectura adaptado ás idades d@s galardoad@s.
- 6- O xurado será nomeado polo departamento de Cultura, e un/unha representante de cada un dos CEIP do municipio (Ramon Otero Pedraio, Alfredo Brañas e Caión).
- 7- A listaxe de premiados publicarase na web alaracha.gal e no Facebook do Concello. Ademais, o Concello comunicará aos galardoados/as a decisión do xurado. Os/as gañadores/as poderán recoller o premio no lugar e data que lles será comunicada.
- 8- A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

A Laracha 17 de novembro de 2022
O Alcalde José Manuel López Varela



CONCELLO
DA LARACHA

